

# San Proclán 2013

**4-12 OUTUBRO**

**LUGO**

**PROGRAMA OFICIAL**

Festa de Interese  
Turístico Galego

Fiesta de Interés  
Turístico Nacional



JOSÉ LÓPEZ OROZCO

**ALCALDE  
DE LUGO**

*San Pedro  
2013*

Unha vez máis, coma todos os anos a cidade vístese de gala para celebrar as festas do seu bo patrón, aquel San Froilán que amansaba os lobos e camiñaba polos desertos, sempre lembrando a súa infancia luguesa, naquel Lugo medieval case despoboado, case unha aldea cunhas enormes murallas. A maior parte das cidades teñen patróns doutras terras, grandes santos doutras terras. Nós temos o privilexio de que o noso patrón sexa un santo que foi veciño noso, de maneira que as nosas festas teñen tamén niso algo moi especial.

A cidade vístese de festa. As multitudes amigas conflúen nas nosas rúas e prazas, no noso senlleiro feiral, e por uns días case esquecemos os problemas, porque tamén nos queremos dedicar á diversión, á convivencia alegre, á fraternidade e ao exercicio da hospitalidade. Lugo, cidade aberta, quere estar cada vez máis fermosa, para nós e para os nosos visitantes. E ímolo conseguindo co esforzo de todos: velái que este ano podemos presumir, por exemplo, da vella ponte de orixe romana, tan vella e agora tan ben restaurada e renovada.

Pero aínda queda moito por facer. Algunhas cousas van encamiñadas, como por exemplo a rehabilitación do vello cárcere, que ben axiña vai dotar a cidade cun espazo cultural e expositivo de extraordinaria beleza, que sen dúbida será o asombro de lucenses e forasteiros. E outras iranse encamiñando, para converter Lugo nunha cidade toda fermosa, como xa hoxe é fermosa na súa maior parte.

Veciñas e veciños, xentes que vides de fóra, amigas e amigos todos, o meu máis fondo desexo é que sexades felices nestes días de festa, e que neles collades folgos para a vida, non sempre doada, nestes tempos que nos toca vivir.

CARMEN BASADRE VÁZQUEZ

CONCELLEIRA  
DE CULTURA

San Pedro  
2013

Non é fácil organizar unhas festas coma as patronais de Lugo en tempos coma os que estamos sufrindo, nos que cada ano hai que recortar gastos en vez de, como sería o natural, manter ou mesmo aumentar os orzamentos. Pero as cousas son como son, e temos que aceptalas e procurar tirar o mellor partido das nosas dispoñibilidades. E niso estamos.

Ademais da importancia primordial que as festas do San Froilán teñen como lecer e diversión, temos que ter sempre presente que se trata tamén dun feito esencial na economía lucense. A grande atracción que as nosas festas patronais (e agora tamén o Arde Lucus) teñen nun amplísimo radio xeográfico tradúcese nunha actividade económica sen a cal a economía da nosa cidade se resentiría dunha maneira tremenda.

É dicir, as festas do San Froilán, hai que dicilo con claridade, non son só un gasto, un gasto suntuario prescindible: son unha inversión, e unha inversión realmente imprescindible. Por iso temos que optimizar os nosos recursos e non deixar decaer nin minguar as festas.

E cremos que o estamos conseguindo. Organizadas dunha maneira sensata e profesional, en realidade as festas do San Froilán son baratas en comparación con outras de menor importancia social e económica.

Dito isto, aquí tedes o programa, produto dun intenso traballo, no cal intentamos, ao mesmo tempo que conxuramos a indesexable choiva meteorolóxica, que en canto a actividades festivas e concertos choiva un pouco a gusto de todos e de todas.

Quédame lembrar unha efeméride que neste ano ten para nós unha especial relevancia: o sesquicentenario da publicación dos Cantares Gallegos de Rosalía de Castro, ese libro fundamental para a nosa literatura e para o noso imaxinario colectivo. Lugo ten dende hai anos incontables un Domingo das Mozas; e nese día especial e singular, Lugo ofrece todos os anos desde hai décadas unha ofrenda á nosa poeta nacional no parque do seu nome, precisamente ao carón do feiral. É motivo de orgullo para nós, e para min especialmente, este feito, ó que este ano lle queremos dar unha relevancia especial.

E máis nada ca desexarvos unhas felices festas do San Froilán.

**PREVIO  
SAN FROILÁN**

**NOCHE  
ABIERTA /  
OPEN  
NIGHT**

**3 DE OUTUBRO  
DE 2013**

Animación desde as **17:00 ás 23:00 h.** polas rúas dos establecementos que participan no evento (acrobacia circense en teas, zancudos, batucada, bailes de salón e desfile e exhibición da Garda Pretoriana)

**Praza Maior:**

Actuación do **dj Marcos Magán** a partir das **17:00 h.**

**Desfile de moda**, presentado pola cantante **Lucía Pérez**, ás **18:00 h.**

Fin de festa ás **22:00 h.**



---

**DJ MARCOS MAGÁN**  
**DESFILE DE MODA**  
**FIN DE FESTA**

---

SAN FROILÁN 2013

# VENRES 4

- **13:00 h.** Animación de rúa cos **Polis Tolos** pola rúa da Raíña e a praza Maior.
- **17:30 h.** **V Desfile de Gando San Froilán.** Saída do tramo peonil da ronda da Muralla, praza da Constitución, Campo Castelo, praza Maior e Bispo Aguirre.
- **19:00 h.** Pasarrúas de música tradicional galega do grupo **Cantareiros das Regas** polas Gándaras, Sagrado Corazón, barrio da Estación, praza do Cantiño e rúa San Pedro.
- **19:30 h.** Animación de rúa coa **Banda Pantomima** na praza Maior.
- **19:30 h.** Presentación do novo libro da colección San Froilán dos Devanceiros: **Libro de Pregóns das festas do San Froilán de Lugo (1977-2012)**, no salón de plenos da Casa do Concello.
- **19:45 h.** Animación de rúa cos **Polis Tolos** pola rúas da Raíña e San Marcos.
- **20:30 h.** Pregón a cargo de **Jenaro Castro**, xornalista, na casa do Concello.
- **20:30 h.** **Os Pelúdez entre nós** na praza Maior.
- **21:00 h.** Animación de rúa coa **Banda Pantomima** pola praza Maior e a zona dos viños.
- **21:00 h.** Animación de rúa cos **Polis Tolos** pola rúa Aguirre.
- **21:15 h.** Representación teatral **De Froilán a San Froilán** a cargo da Asociación de Antigos Alumnos da Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón na praza de Santa María.
- **21:30 h.** Concerto de **Les Tambours du Bronx** na praza Horta do Seminario.
- **22:00 h.** Animación de rúa coa charanga **Madialeva** por Recatelo, A Tinería e a zona dos viños.
- **22:00 h.** Sesión disco coa **Duendeneta** (discoteca móbil vintage) na praza da Soidade.
- **23:00 h.** Verbena coa orquestra **Anaconda** na praza Maior.
- **00:00 h.** Pasarrúas dos **Festicultores** pola zona dos viños.





PRAZA MAIOR // 17:30

## DESFILE DE GANDO SAN FROILÁN



HORTA DO SEMINARIO // 21:30

## LES TAMBOURS DU BRONX

SAN FROILÁN 2013

# SÁBADO 5

## DÍA DE SAN FROILÁN

- **11:30 h.** Actividade aberta de cestería (O noso Miño) a cargo da asociación **Corazóns Artesáns** no parque de Rosalía de Castro.
- **12:00 h.** Pasarrúas de música tradicional galega do grupo de gaitas e baile **Airiños de Orbazai** pola Fonte dos Ranchos, San Antonio, Casas Baratas e a zona dos viños.
- **12:00 h.** Ofrenda da Corporación a San Froilán na Catedral de Lugo.
- **12:30 h.** Pasarrúas de música tradicional galega co grupo **Airiños do Neira** pola praza de Santa María, praza Maior, rúa da Raíña e praza de Santo Domingo.
- **12:30 h.** Concerto da **Banda Municipal de Lugo** no templete da praza Maior.
- **12:30 h.** **Os Pelúdez entre nós** pola praza Maior e o recinto feiral.
- **12:30 h.** San Froilán Miúdo. Actuación dos pallasos **Lilla e Fifo** na carpa situada nos xardíns da Deputación Provincial de Lugo.
- **12:45 h.** Exhibición de baile a cargo da **Academia Ritmo** na porta do Campo Castelo.
- **13:00 h.** Animación de rúa coa charanga **Trompo das Nicras** pola praza do Campo.
- **13:15 h.** Concerto de **Batital** na praza da Soidade.
- **13:30 h.** Actuación do grupo de música tradicional galega **Volta do Agro** na praza Maior.
- **16:30 h.** Pasarrúas de música tradicional galega do grupo **Os Xilgaros de Lugo** pola zona dos viños, Recatelo e o parque Rosalía de Castro.
- **17:00 h.** Actividade aberta de cestería (O noso Miño) a cargo da asociación **Corazóns Artesáns** no parque de Rosalía de Castro.
- **17:00 h.** Concertos dos grupos **Kentokakí** e **Rachel & Blue Batons** na praza da Soidade.



PRAZA MAIOR // 12:30

## BANDA MUNICIPAL DE LUGO



PRAZA DE SANTA MARÍA // 17:30

## XI FESTIVAL DE CULTURA TRADICIONAL



RÚA SAN MARCOS // 17:30

## PASARRÚAS DE CABEZUDOS

## SÁBADO 5 // DÍA DE SAN FROILÁN

- **17:30 h.** **XI Edición do Festival de Cultura Tradicional**, *organizado pola Asociación Cultural Cantigas e Froes, na praza de Santa María.*
- **17:30 h.** Pasarrúas de **cabezudos** pola rúa San Marcos.
- **18:00 h.** San Froilán Miúdo. Actuación do mago e animador **Rambanepasi** na carpa situada nos xardíns da Deputación Provincial de Lugo.
- **19:00 h.** Animación de rúa coa charanga **Paradela** por Garabolos, Albeiros, avenida da Coruña e Ruanova.
- **19:30 h.** Actuación de música tradicional galega co grupo **Arrincadeira** na praza Maior.
- **20:00 h.** Animación de rúa coa charanga **Os Charangos de Neda** pola Piringalla, Milagrosa, Camiño Real, A Tinería e a zona dos viños.
- **20:00 h.** Animación de rúa coa charanga **Diskordia** por Montirón, Fonte do Rei, San Roque e a zona dos viños.
- **20:00 h.** Animación de rúa coa charanga **Os Virtuosos do Tinto** por Recatelo e a Praza do Campo.
- **20:45 h.** **Sesión de fogos artificiais** desde o barrio do Carme a cargo de **Pirotecnia Astariz** para apreciar na súa totalidade desde o adarve da Muralla, no treito comprendido entre as portas do Bispo Odoario e Aguirre.
- **21:00 h.** Concertos dos **Resentidos** e **Festicultores** na praza Horta do Seminario.
- **21:30 h.** Verbena coas orquestras **Cuartá Calle** e **Grupo Cañón** na praza Maior.
- **22:00 h.** Actuación de **Devandora Banda de Gaitas & amigos** na praza de Santa María.
- **22:00 h.** Sesión disco coa **Duendeneta** (discoteca móbil vintage) na praza da Soidade.
- **23:00 h.** Animación de rúa coa charanga **Arde Yu-Ku** pola Porta de San Pedro, Campo Castelo e a zona dos viños.
- **00:00 h.** Animación de rúa coa charanga **Mekánica** pola zona dos viños.



**HORTA DO SEMINARIO // 21:00**

## **OS RESENTIDOS**



**HORTA DO SEMINARIO // 22:30**

## **FESTICULTORES**



**PRAZA DA SOIDADE // 22:00**

## **DUENDENETA**

SAN FROILÁN 2013

# DOMINGO 6

## DOMINGO DAS MOZAS. DÍA DO TRAXE TRADICIONAL GALEGO

- **10:30 h.** Inauguración da **Feira do Mel** na Praza de Abastos coa actuación do grupo de música tradicional **Reviravolta**.
- **11:30 h.** Actividade aberta de cestería (O noso Miño) a cargo da asociación **Corazóns Artesáns** no parque de Rosalía de Castro.
- **11:30 h.** **XV Mostra de Música Tradicional do Domingo das Mozas** coa **Asociación de Gaiteiros Galegos: Arume** (Boiro), **Briteiros** (Vigo), **Cantareiras de Alende** (As Pontes), **Carapaus** (Compostela), **De Pé feito** (Ourense), **Faixas de Solobeira** (Cambados), **Millo Verde** (Cambre), **Os Naviza** (Galicia/Navarra), **Os Terribles de Donas** (Gondomar), **Picuiña** (Marín), **Souto Xímaro** (Lourenzá), **Tornaxeira** (Valdeorras) e **Xarín** (O Incio), polo recinto histórico.
- **12:00 h.** Recepción na casa do Concello aos **Amigos do Traxe Galego**, de Santiago. Paseo e exhibición ata o parque Rosalía de Castro.
- **12:30 h.** San Froilán Miúdo. Actuación da compañía de **Maese Villarejo: Gorgorito y la Hucha de Rosalinda** na carpa situada nos xardíns da Deputación Provincial de Lugo.
- **12:30 h.** Karaoke infantil coa **Duendeneta** na praza do Campo Castelo.
- **12:30 h.** Animación de rúa coa charanga **Moita Troula** polo barrio da Ponte.
- **13:00 h.** Ofrenda floral a Rosalía de Castro por parte da poeta **Olga Novo**, no parque que leva o nome da insigne escritora. Nesta ocasión especial, na que se celebra o sesquicentenario da publicación dos Cantares Gallegos, intervirán tamén a cantante **Rosa Cedrón**, que interpretará temas de Rosalía e a banda de gaitas de **Cantigas e Frores**.
- **13:00 h.** Concerto da **Banda Municipal de Lugo** cun repertorio de música popular galega no templete da Praza Maior.



PARQUE ROSALÍA  
DE CASTRO / RECATELO // 11:30

---

**ACTIVIDADE ABERTA  
DE CESTERÍA**



PARQUE ROSALÍA DE CASTRO // 13:00

---

**OFRENDA FLORAL  
A ROSALÍA DE CASTRO**



RECINTO HISTÓRICO // 17:30

---

**MOSTRA DE MÚSICA TRADICIONAL**

## DOMINGO 6 // DOMINGO DAS MOZAS. DÍA DO TRAXE TRADICIONAL GALEGO

- **16:30 h.** Karaoke infantil coa **Duendeneta** na praza do Campo Castelo.
- **17:00 h.** Actividade aberta de cestería (O noso Miño) a cargo da asociación **Corazóns Artesáns** no parque de Rosalía de Castro.
- **17:00 h.** San Froilán Miúdo. Actuación do grupo de música e baile tradicional **Devandoira Infantil** na carpa situada nos xardíns da Deputación Provincial de Lugo.
- **17:30 h.** **XV Mostra de Música Tradicional do Domingo das Mozas** polo recinto histórico.
- **17:30 h.** Pasarrúas de **cabezudos** polo Campo Castelo.
- **18:00 h.** San Froilán Miúdo. Actuación da compañía de **Maese Villarejo: Gorgorito y la Bella Durmiente** na carpa situada nos xardíns da Deputación Provincial de Lugo.
- **19:00 h.** Concertos dos grupos **No Nation** e **Barbarian Prophecies** na praza da Soidade.
- **19:30 h.** Animación de rúa co **Mariachi Los Charros** na praza Maior.
- **20:15 h.** Concerto de **La Pegatina** na praza Horta do Seminario.
- **20:45 h.** Animación de rúa co **Mariachi Los Charros** na praza do Campo.
- **21:30 h.** **Cantando a Galicia**, homenaxe á verbena popular galega con **Rosa Cedrón, Paco Lodeiro** e **Sito Sedes**, na praza de Santa María.





HORTA DO SEMINARIO // 20:15

## LA PEGATINA



PRAZA DE SANTA MARÍA // 21:30

## CANTANDO A GALICIA

**SAN FROILÁN 2013**

# LUNS 7

- **13:00 h.** Concerto de jazz con **Marcos Pin & Xacobe Martínez** na rúa da Raíña.
- **17:00 h.** San Froilán Miúdo. Actuación da compañía **Pavís Pavós: Contos para bebés** na carpa situada nos xardíns da Deputación Provincial de Lugo (tres pases: 17:00, 18:00 e 19:00 h.).
- **19:00 h.** Pasarrúas **Calaveras y Diablitos** con **Pedro Diablo & Cadáveras** pola rúa da Raíña, praza Maior e Campo Castelo.
- **20:00 h.** Inauguración da exposición **Manuel Rodríguez López: emigrante galego, poeta obreiro**, na sala multiusos do Museo Provincial.
- **20:15 h.** Concertos de **May Thai & Torino Rockets** e **Colectivo Bomba** na praza do Campo Castelo.
- **20:30 h.** Verbena coa orquestra **Emperadores** na praza do Camiño Primitivo (As Fontiñas).
- **20:30 h.** Noite de folk cos concertos de **Milesios** e **Brath** na praza de Santa María.



**RÚA DA RAÍÑA, PRAZA MAIOR E  
CAMPO CASTELO // 19:00**

**CALAVERAS Y  
DIABLITOS**

CAMPO CASTELO // 20:15

## MAY THAI & TORINO ROCKETS



PRAZA DE SANTA MARÍA // 20:30

## NOITE DE FOLK MILESIOS E BRATH

SAN FROILÁN 2013

# MARTES 8

## DÍA DOS MAIORES

- **11:30 h.** Entrega de premios **IX Concurso de Tapas** na Casa do Concello.
- **13:15 h.** Animación de rúa con **Benito e Rufina** pola rúa da Raiña e a praza Maior.
- **17:00 h.** Animación de rúa con **Benito e Rufina** pola rúas da Raiña e San Marcos.
- **17:30 h.** Verbena coa orquestra **Acordes** na praza Maior.
- **18:00 h.** San Froilán Miúdo. Tarde de xogos con **Xogos Paporrubio e A Casa dos Xogos** na carpa situada nos xardíns da Deputación Provincial de Lugo.
- **18:30 h.** Animación de rúa con **Benito e Rufina** pola rúa Aguirre.
- **19:00 h.** Teatro de rúa con **Microefectos Dramatúrxicos** na Porta Miñá.
- **20:30 h.** Concertos dos grupos **Bristol e Tierra de Cinco Minutos** na praza da Soidade.
- **21:00 h.** Noite de copla con **Charo Reina** na praza de Santa María.



XARDÍNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL // 18:00

**SAN FROILAN MIÚDO**



PRAZA MAIOR // 17:30

## VERBENA DOS MAIORES



PRAZA DE SANTA MARÍA // 21:00

## NOITE DE COPLA CHARO REINA

SAN FROILÁN 2013

# MÉRCORES 9

- **13:00 h.** Concerto de **Classic Lugo Ensamble** na rúa da Raíña.
- **17:00 h.** San Froilán Miúdo. Clases de cociña para nenos coa colaboración da **Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería de Lugo** na carpa situada nos xardíns da Deputación Provincial de Lugo.
- **18:00 h.** Actuación dos alumnos do **Conservatorio Profesional de Danza de Lugo** na porta de Santiago.
- **18:00 h.** San Froilán Miúdo. Actuación da compañía **Lila Espectáculos: Bestiario Extrafalario** na carpa situada nos xardíns da Deputación Provincial de Lugo.
- **20:30 h.** Verbena coa orquestra **Breixa Band** na praza da Milagrosa.
- **20:30 h.** Concertos dos grupos **Pastillas Mamut** e **Arrythmia** na praza da Soidade.
- **21:00 h.** Noite de Foliada coa **Banda da Casa das Crechas & convidados** na praza de Santa María.



PORTA DE SANTIAGO // 18:00

**CONSERVATORIO  
PROFESIONAL DE DANZA**



PRAZA DA SOIDADE // 20:30

## PASTILLAS MAMUT



PRAZA DA SOIDADE // 22:00

## ARRYTHMIA

PRAZA DE SANTA MARÍA // 21:00

## NOITE DE FOLIADA

# A Banda das Crechas




SAN FROILÁN 2013

# XOVES 10


- **18:00 h.** Actividade aberta de tango con **Leonardo & Carina**, organizada pola Asociación de Rioplatenses, na praza da Soidade.
- **18:00 h.** San Froilán Miúdo. Actuación dos alumnos do **Conservatorio Profesional de Danza de Lugo: *Mary Poppins e Pés no mar, ollos no ceo*** na carpa situada nos xardíns da Deputación Provincial de Lugo.
- **19:00 h.** Concerto da **Murajazz Big Band** na praza do Campo Castelo.
- **19:30 h.** **Letra das Festas (2013): O San Froilán de hai 50 anos.** Revista oral no Círculo das Artes na que interveñen persoas que rememoran as festas do San Froilán dos anos 50 e 60 do pasado século, organizada pola **Sección de Literatura de Tradición Oral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.**
- **20:00 h.** ***Os Pelúdez entre nós*** na zona dos viños.
- **20:15 h.** Concerto de **Xuso Jones** na praza de Santa María.
- **20:30 h.** **VIII Gala do Deporte Lucense** no Auditorio Municipal Gustavo Freire
- **21:45 h.** Pasarrúas **Lume** pola praza Maior, zona dos viños e a praza de Santa María.
- **23:00 h.** Concerto de **The Zombie Kids** na praza de Santa María.

ZONA DOS VIÑOS // 21:45

**LUME**







PRAZA DE SANTA MARÍA // 20:15

**XUSO JONES**



PRAZA DE SANTA MARÍA // 23:00

**THE ZOMBIE KIDS**

SAN FROILÁN 2013

# VENRES 11

## DÍA DO FERROL

- **12:30 h.** Recepción oficial no Concello á Corporación do Concello de Ferrol.
- **12:30 h.** Concerto da **Banda Municipal de Lugo** no templete da praza Maior.
- **13:30 h.** Pasarrúas de música tradicional galega do grupo **Caivanca** pola praza da Constitución, Campo Castelo, rúa San Pedro e praza Maior.
- **16:00 h.** **VIII Sanfroidance** no patio do edificio administrativo do Concello (entrada pola rúa Anxo López Pérez). Con: **La Sartén por el Mambo, 2Manou, Nashari Sound, García MC, Dj Mil, Charlie Tzara, Apolitics, Saturn's Children, Dj Limbo e Judah**. Ademais de Skate, BMX, basket 3x3, breakdance, actividades infantís, conferencias, visuais e graffiti ([www.sanfroidance.com](http://www.sanfroidance.com)).
- **17:00 h.** San Froilán Miúdo. Actuación de **Viravolta Titeres: O galo Quirico** na carpa situada nos xardíns da Deputación Provincial de Lugo.
- **17:30 h.** Concerto da **Banda Xuvenil de Rábade e Begonte** na praza Maior.
- **18:00 h.** San Froilán Miúdo. **Festa Musical** acompañada de globoflexia, xogos e moito, moito baile... na carpa situada nos xardíns da Deputación Provincial de Lugo.
- **19:00 h.** Teatro de rúa con **Microefectos Dramatúrxicos** en Recatelo.
- **20:00 h.** Verbena coa orquestra **Abanico** na praza Maior.
- **20:30 h.** **Os Pelúdez entre nós** na verbena da praza Maior.
- **21:00 h.** Concerto de **La Pandilla Voladora\*** na praza Horta do Seminario. \*Jairo Perera (Muchachito Bombo Infierno), El Lichis (La Cabra Mecánica), El Canijo de Jerez (Los Delinquentes), Tomasito e Albert Plá.
- **21:30 h.** Animación de rúa cos **Estoupacaldeiros** polo parque Rosalía de Castro, Recatelo, A Tinería e a praza do Campo.
- **22:45 h.** Animación de rúa coa **Charanga DGT** na praza da Soidade.
- **23:00 h.** Verbena da orquestra **Olympus** na praza de Augas Férreas.
- **23:00 h.** Concertos de **Vrásica e Obús** na praza de Santa María.




PATIO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO // 16:00

## VIII SANFROIDANCE



PRAZA HORTA DO SEMINARIO // 21:00

## LA PANDILLA VOLADORA



PRAZA DE SANTA MARÍA // 00:00

## OBÚS

SAN FROILÁN 2013

# SÁBADO 12

- **11:00 h.** Inauguración da **Feira Medieval** na praza Pío XII.
- **11:00 h.** **Feira de antigüidades e coleccionismo** na rúa da Raíña.
- **12:00 h.** Concerto da **Banda Municipal de Lugo**, coa colaboración de **D. Indalecio Fernández Groba**, antigo director da mesma, no templete da praza Maior.
- **12:15 h.** Actuación do grupo de música tradicional galega **Airiños de Orbazai** na porta do Campo Castelo.
- **12:30 h.** Animación de rúa coa charanga **Os Amigos de Manolo** en Recatelo e na praza do Campo.
- **12:30 h.** San Froilán Miúdo. Actuación de **Fuman: Musicólogo** na carpa situada nos xardíns da Deputación Provincial de Lugo.
- **13:00 h.** Pasarrúas do grupo de música tradicional **Andaina** por Montirón, San Roque e praza da Constitución.
- **13:00 h.** Pasarrúas de **cabezudos** pola praza Maior.
- **13:15 h.** Sesión vermú coa orquestra **Costa Dorada** na praza Maior.
- **13:30 h.** Concerto de **West Side Bones** na praza da Soidade.



ARREDORES DA CATEDRAL // 11:00

**FEIRA MEDIEVAL**

- **16:00 h.** **III Tentacle** no patio do edificio administrativo do Concello (entrada pola rúa Anxo López Pérez). Con: **Van´Em, Tito, Diego Sanjurjo & Jandro Alvez, Juan Chousa, Diego González, Israel Alonso, Dj Ino, Pascal Kleiman, Alex Vazquez e VDJ Mosk.** Ademais de Skate, BMX, basket 3x3, breakdance, actividades infantís, conferencias, visuais e graffiti ([www.tentacle.es](http://www.tentacle.es)).



**PATIO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO  
DO CONCELLO // 16:00  
III TENTACLE**



- **17:00 h.** Actividade aberta de baile e de zumba fitness e aerobox a cargo da **Academia Ritmo e do Ximnasio Vitalia** na praza da Soidade.
- **18:00 h.** San Froilán Miúdo. Actuación de **Fuman: Musicólogo** na carpa situada nos xardíns da Deputación Provincial de Lugo.
- **18:30 h.** Pasarrúas da banda de gaitas **Devandoira** pola rúa da Raíña e a praza Maior.
- **19:30 h.** Pasarrúas de música tradicional galega co grupo **Sarabela Folk** polo parque Rosalía de Castro, Recatelo e a porta de Santiago.
- **19:45 h.** Animación de rúa co **Bloquinho de Xermolos** pola rúa da Raíña, Porta de San Pedro, Campo Castelo e a praza Maior.
- **20:45 h.** **Sesión de fogos artificiais** desde o barrio do Carme a cargo de **Pirotecnia Penide**, para apreciar na súa totalidade desde o adarve da Muralla, no treito comprendido entre as portas do Bispo Odoario e Aguirre.
- **21:00 h.** Concertos de **The Cornelius** e **Love of Lesbian** na praza Horta do Seminario.
- **21:00 h.** Verbena na praza Maior coas orquestras **Costa Dorada** e **Israel**.
- **21:30 h.** Animación de rúa co **Bloquinho de Xermolos** pola rúa da Cruz, Praza do Campo, Ruanova e A Tinería.
- **22:30 h.** Animación de rúa coa charanga **Va K Pinta** pola zona dos viños.
- **00:00 h.** Animación de rúa coa charanga **Asociación Musical Lucense A Excusa** pola zona dos viños.





PRAZA HORTA DO SEMINARIO// 21:00

## THE CORNELIUS



PRAZA HORTA DO SEMINARIO// 22:30

## LOVE OF LESBIAN

# SAN FROILÁN DOS DEVANCEIROS

---

## NOVO LIBRO DA COLECCIÓN

### LIBRO DE PREGÓNS

das festas do San Froilán de Lugo (1977 - 2012)

Tócalle a este ano e ó número 10 da colección un *Libro de Pregóns*. Son xa moitos anos de tradición, e hoxe non se concibe o San Froilán sen unha pregoeira ou un pregoeiro que anuncie oficialmente o comezo das festas. Era hora, pois, de ollar para atrás, de recoller o máis posible dunhas palabras que se pronunciaron como efémeras, pero que forman parte da vaga memoria de moitas persoas, e que é agradable como diría Quevedo volver escoitar cos ollos. Homes e mulleres que brillaron e brillan na prensa, na literatura, no cine, nas diversas facetas da vida pública, lucenses de nación, de adopción ou de afecto, deleitáronnos coa súa palabra falada que agora chega outra vez como palabra escrita. Aquí están os seus pregóns, que un día foron discurso e agora son historia, pequena historia se se quere, pero importante para nós. Unha festa para o espírito dentro das grandes festas do San Froilán.

*Carmen Basadre Vázquez*

### Presentación:

Venres **4** de **outubro** ás **19:30** no **Salón de Plenos da Casa do Concello**





### **Outros títulos da colección:**

1. *Emilia Pardo Bazán en Lugo (San Froilán, 1906)*, por Javier Serrano Alonso
2. *A chegada a Lugo do primeiro tren (San Froilán, 1875)*, por Darío Xohán Cabana
3. *O cinematógrafo nas festas de San Froilán de Lugo (1898-1930)*, por Fernando Arribas Arias
4. *Cunqueiro e Don Hamlet en Lugo (San Froilán, 1959)*, por Darío Xohán Cabana
5. *Pelúdez. O libro (1908-2008). Cen anos de sanfreiláns contados por el mesmo*, por Antonio de Cora, Juan Ramón Somoza, Purificación de Cora, Xosé Trapero Pardo e Xosé de Cora
6. *A festa máis fermosa do outono galaico (Os escritores falan do San Froilán)*, por J. Luís Calvo e Yago Rodríguez Yáñez
7. *Lucus fulget. As festas literarias nos sanfroiláns finiseculares (1899-1901)*, por Javier Serrano Alonso
8. *A publicidade das festas de San Froilán de Lugo: carteis e programas 1877-2011*, por Teresa Pena Moreda e Fernando Arribas Arias
9. *Barriga Verde, Manuel María e o San Froilán*, por J. Luís Calvo

# DEPORTES

---

## SÁBADO 28 DE SETEMBRO

- 10:00 h** **IV trofeo San Froilán cidade de Lugo tenis de mesa**  
Instalación Tenis de Mesa Complexo Frigsa

## DOMINGO 29 DE SETEMBRO

- 09:00 h.** **XIV marcha cicloturista btt San Froilán**  
Saída piscina Municipal das Pedreiras
- 10:00 a** **VIII trofeo San Froilán tiro con arco en sala**  
**14:00 h** Polideportivo Municipal Daniel Cordido (Piringalla)
- 10:00 h.** **3 horas monumentais por relevos de Lugo**  
Muralla Romana – praza de Santa María
- 10:30 h.** **XIV criterium ciclista San Froilán**  
Avenida Ramón Ferreiro

## LUNS 30 DE SETEMBRO

- 17:30 h.** **XVII open San Froilán billar tres bandas**  
Círculo das Artes de Lugo

## VENRES 4 DE OUTUBRO

- 16:00 h.** **XI open San Froilán de tenis**  
Club Fluvial
- 16:00 h.** **XII torneo San Froilán de padel**  
Hotel Santiago
- 21:00 h.** **Azkar Lugo – Burela fútbol sala**  
Pavillón Municipal dos Deportes

## SÁBADO 5 DE OUTUBRO

- 10:00 a** **XV torneo San Froilán de golf**  
**19:30 h.** Club de golf Lugo
- 10:00 a** **XII torneo San Froilan de squash**  
**20:00 h.** Pazo Provincial dos Deportes



**11:00 a V torneo San Froilán de beisbol veteráns**

**13:00 h.** Campo Municipal do Ceao

**XII torneo San Froilán de rugbi**

**17:00 h.** Muralla R.C. VS Campus Ourense (masculino)

**18:30 h.** Muralla R.C. VS Campus Ourense (feminino)

Pistas Atletismo Gregorio Pérez Rivera

**19:00 h. V torneo San Froilán de balonmán**

Polideportivo Municipal Casa do Deporte

**DOMINGO 6 DE OUTUBRO**

**10:00 h. XX trofeo San Froilán pistola 9 mm**

Galería de Tiro de Rozas

**11:15 h. Torneo veteráns balonmán**

ADC Descubrindo Lugo - Vet Xiria – Vet Ourense

Pavillón Municipal dos Deportes

**12:00 h. IX memorial de fútbol Ricardo Gómez veteráns**

C.D.Lugo - Ponferradina

Campo de Fútbol Municipal de o Polvorín

**18:00 h. XXXIX trofeo San Froilán de judo**

Pavillón Municipal Casa do Deporte

**XOVES 10 DE OUTUBRO**

**21:00 h. IV copa San Froilán fútbol-7 veterán +35 anos**

Campo Fútbol Municipal da Cheda

## VENRES 11 DE OUTUBRO

**16:00 a Torneo San Froilán de softbol feminino**

**18:00 h.** Campo Municipal do Ceao

**21:00 h. IX gala premios deporte lucense**

Auditorio Municipal Gustavo Freire

**21:00 h. III open San Froilán de fútbolín**

Bar Tiempos Modernos

## SÁBADO 12 DE OUTUBRO

**09:00 h. IV minitrail Club Fluvial de Lugo**

Club Fluvial

**10:00 h. IX trofeo San Froilán pesca auga doce**

Ponte Nova de Lugo

**10:00 h. XV torneo hockei liña cidade de Lugo**

Memorial Vicente Gutiérrez Pascual

Polideportivo Municipal Daniel Cordido (A Piringalla)

**11:00 a V torneo San Froilán de beisbol veteráns**

**13:00 h.** Campo Municipal do Ceao

**12:00 h. III trofeo San Froilán fútbol 11 veteráns**

Selección Lugo Local vs Selección Lugo Provincial

Campo de Fútbol Municipal Gándaras 2

**13:00 h. Open San Froilán de billar pool bola 8**

Bar Tiempos Modernos

Sábado 12 e domingo 13 de outubro

**16:00 h. Open San Froilán de dardos**

Bar Tiempos Modernos

**18:00 h. Emevé – CV Torrelavega**

Pavillón Municipal dos Deportes

## DOMINGO 13 DE OUTUBRO

**10:00 a VI torneo San Froilán de espada**

**19:00 h.** Polideportivo Municipal Casa do Deporte

# MIHL

---

## MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO

situado no parque da Milagrosa

### Horario

Martes a sábado: 16:30 - 20:30 h

## EXPOSICIÓNS

---

### PROXECTO CREAR ESPAZO

No Museo Interactivo da Historia de Lugo teñen lugar as intervencións artísticas PROXECTOS MIHL - crear espazo, que se estenderán ao longo dos meses de xullo, agosto, setembro e outubro, coordinadas por Jesús Otero-Yglesias e coa participación del mesmo e doutros cinco artistas: Doa Ocampo, Mónica Trastoy, Shui Lóng Xue Bào, Miguel Ángel Curiel e Paco Pestana.

### EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA SIMON NORFOLK

**"Xenocidio, Paisaxe, Memoria"**

Segue aberta a exposición fotográfica de Simon Norfolk.



# EXPOLUGO

---

**5-6 DE OUTUBRO.**

## **PAZO DE FEIRAS E CONGRESOS**

Unha nova edición da que é a feira de referencia da provincia de Lugo, Expolugo, A Rural, terá lugar o 5 e 6 de outubro no Pazo de Feiras e Congressos de Lugo. Con máis de 9.000 metros cadrados de ocupación, en Expolugo defínense as seguintes áreas perfectamente diferenciadas:

**Mostra gandeira:** celebra a súa oitava edición e ano a ano supón un éxito de afluencia de público e vendas. A participación das principais asociacións gandeiras de razas autóctonas de Galicia están presentes con animais vivos en Expolugo. **ASOPORCEL**, Asociación de Criadores de Gando Porcino Celta, **PURAGA**, Asociación de Criadores do Cabalo de Pura Raza Galega, **OVICA e ASOVEGA**, Ovella e Cabra galegas, **BOAGA**, Vacas das razas Cachena, Frieiresa, Caldelá, Vienesa e Limiá, **ACRUGA**: Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún Selecto da Raza Rubia Galega, **AVIMÓS**: Galiña de Mos, **CAN DE PALLEIRO**.

**Mostra de artesanía:** os principais artesáns da provincia participarán nesta mostra onde se poderán ver demostracións e adquirir produtos elaborados artesanalmente (tear, madeira, coiro,....)

**Exposición de maquinaria agrícola clásica:** a Asociación AGAMAC colabora un ano máis en Expolugo cunha selecta mostra de maquinaria agrícola clásica.

**Dog Show San Froilán 2013**, organizada pola Sociedade Cincelóxica Galega, Expogal, e que vai contar coas seguintes actividades : III Monográfica de Bulldog Americano, III Exposición Nacional Canina, I Exposición Monográfica American Bully, I Exposición Monográfica Old English Bulldog e diversas exhibicións caninas (de perruquería, rescate, etc) así como obradoiros de aromaterapia, relaxación, educación canina, etc.

**Horarios:** 11 da mañá a 9 da noite, ininterrompido

**Entrada gratuíta**

Entrada  
Gratuita

# expolugo

mostra agrogandeira

**5 - 6 outubro 2013**

PAZO DE FEIRAS E CONGRESOS DE LUGO



- Monográfico de Raza Rubia Galega
- Charlas técnicas
- Posa de exemplares
- Presentación de produtos e novidades
- Asociacións gandeiras
- Exposición Nacional Canina

## III EXPOSICIÓN NACIONAL CANINA

E non esqueza visitar a zona da mostra de artesanía  
e a exposición de maquinaria agrícola clásica

XUNTA  
DE GALICIA



DEPARTAMENTO DE AGRICULTURA

Consello Galego da Gandeira



Consello de Lugo  
Unidade de Zona Lugo  
www.zonaglugolugo.es



Unidade  
Perros e exposicións  
de raza

# LUGO É MOITO MUNDO

## QUE VISITAR?

O outono en Lugo é recibido coa algarabía das festas máis populares e concorridas de toda Galicia: o San Froilán. Esta celebración, unida aos atractivos desta cidade bimilenaria, constitúe un motivo máis que interesante para visitar Lugo entre o 4 e o 12 de outubro.

Durante estes días, os lucenses, e o máis do medio millón de visitantes que acoden habitualmente ás festas, enchen as rúas de Lugo, que viste coas súas mellores galas o seu fermoso centro histórico, a emblemática Muralla romana e o paraíso botánico que é o Parque de Rosalía, pois son estes os centros neuráxicos das actividades festivas.

As rúas énchense de rebumbio coa animación festiva das charangas, os pasarrúas, as verbenas populares e os milleiros de paseantes que saen a gozar do espectacular ambiente. Dende o momento no que o pregoeiro anuncia o comezo das festas ao berro de “Viva San froilán!” e o espectáculo de fogos artificiais ilumina o ceo lucense desátase a paixón do San Froilán.

Ademais do programa de festas, ao longo destes días os visitantes poden aproveitar para descubrir os recunchos máis fermosos da cidade. Imprescindible resulta pasear polo adarve da Muralla, xoia do patrimonio romano de Lucus Augusti e monumento único no mundo, por ser a única que conserva íntegro o seu perímetro.



**PONTE ROMANA**



**PISCINA ROMANA**




**MURALLA DE LUGO  
PATRIMONIO DA  
HUMANIDADE**




Para coñecer en profundidade a historia da Muralla, declarada Patrimonio da Humanidade no ano 2000, nada mellor que achegarse ao Centro de Interpretación da Muralla, na praza do Campo, núm. 11, en horario de luns a sábado de 11:00 a 13:30 e de 17:00 a 19:30 horas e os domingos de 11:00 a 14:00 horas.

Lugo conta cun rico patrimonio romano e, dende o Concello de Lugo estase a apostar pola súa recuperación con interesantes actuacións como a apertura das fiestras arqueolóxicas da piscina de Santa María e o acueducto de San Marcos. A Casa dos Mosaicos forma parte deste percorrido imprescindible para coñecer o Lugo Romano e pódese visitar de martes a sábado de 11:00 a 13:30 e de 16:00 a 19:30 horas, e os domingos de 11:00 a 14:00 horas.

As últimas incorporacións ao legado arqueolóxico son a Domus do Mítreo e a xanela cos restos arqueolóxicos atopados xunto ao Círculo das Artes, que se pode contemplar dende o adarve da Muralla. Máis información na Oficina Municipal de Turismo, Praza do Campo, núm. 11 ou no teléfono 982 251 658.



**MUSEO MIHL**



**CATEDRAL DE LUGO**

E tamén resulta imprescindible visitar o Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL), un espectacular edificio que recolle unha mostra permanente sobre os máis de dous mil anos de vida da cidade e interesantes exposicións temporais. O horario de apertura é de martes a sábado de 16:30 a 20:30 horas. Está situado no parque da Milagrosa e o seu teléfono é o 982 297 446.

Vagar polo centro histórico de Lugo constitúe unha experiencia gratificante para o viaxeiro. Descubrir recunchos como a praza de San Marcos, os xardíns da Deputación e a Praza do Cantiño, ou vivir o ambiente da rúa dos viños permiten coñecer un Lugo vivo e auténtico. Nestes paseos non pode faltar unha visita á Catedral, para deixarse abraiar polos frescos de José de Terán que ben merecen o calificativo de “Capela Sixtina de Galicia”.

Lugo presume con orgullo deste patrimonio histórico, e tamén dun patrimonio natural recoñecido pola Unesco como Reserva da Biosfera. Para descubri-lo nada como seguir a Vía XIX para baixar ata a Ponte Romana e pasear a carón do río Miño.

Para coñecer máis a fondo a cidade os viaxeiros van atopar en Lugo unha completa oferta de visitas guiadas. Dunha banda, poden contratar as visitas que ofrecen as guías oficiais de turismo e que levan polos monumentos máis emblemáticos e os museos da cidade. Os interesados poden consultar prezos e horarios na Oficina Municipal de Turismo.



**IGREXA DO BURGO**

Doutra banda, poden participar no programa de rutas temáticas que organiza o Concello de Lugo para descubrir os puntos de maior interese turístico da cidade e da zona rural. Estas visitas son gratuítas e hai que apuntarse na Oficina Municipal de Turismo (982 251 658) ou no 010 (982 297 350 chamadas de fóra de Lugo).

Durante as festas, continúan as excursións pola zona rural que ofrece o Concello de Lugo en colaboración co Grupo Ditram. Estas "*Rutas no futingo eléctrico*" realízanse polas mañás de luns a venres, dende as 10:00 horas. Hai catro itinerarios que levan polas Terras de Auga e Cultura de Lugo, O Corgo e Rábade:

- 1.- Terras do Mera ( O Burgo, Bacurín, Santalla de Bóveda...)
- 2.- Terras do Miño e O Corgo (Barrio da Chanca, Nadela, Mazo de Santa Comba, Igrexa de Castrillón, Bosque da Fervenza...)
- 3.- Camiño de Ombreiro (Rei Chiquito, Meilán, Avifauna, Bravos, Penarrubia...)
- 4.- Rábade e Outeiro de Rei (Campo de Santa Isabel, Marcelle Natureza, Martul...)

Nestas excursións ofrécese a posibilidade de visitar os centros de Marcelle Natureza e Avifauna, que ofrecen as entradas a prezos especiais para estes viaxeiros.

A photograph of a mural in the dome of the Monastery of Santalla. The mural features a repeating pattern of birds and geometric shapes. A stone capital is visible on the right side of the image.

**MONUMENTO SANTALLA  
DE BÓVEDA**

A photograph of the historical center of Lugo, showing a street with colorful buildings and a large stone fountain in the foreground. The fountain has a water spout.

**CENTRO HISTÓRICO**

A photograph of a large, leafy tree in a park-like setting, representing the Biosphere Reserve.

**RESERVA DA BIOSFERA**

Respecto ás rutas urbanas, terán lugar os días seguintes:

5 e 12 de outubro - rutas polo Lugo Romano con saída ás 11:30 horas da Oficina Municipal de Turismo e dura unhas dúas horas.

7 e 14 de outubro - ruta da Ponte Romana con saída ás 11:30 horas do Miliario da praza de Armañá para baixar pola Calzada Romana ata a Ponte e as Termas.

Para máis información turística consultar na Oficina Municipal de Turismo, praza do Campo, núm. 11 (982 251 658), no 010 (982 297 350 chamadas de fóra de Lugo) e na web [www.lugoturismo.com](http://www.lugoturismo.com)

E para deseñar itinerarios personalizados pode descargar a Guía de Turismo e Cultura de Lugo en *app store* e en *google play store*.

**Os días 5, 6 e 12 a entrada aos museos será gratuíta.**



## Artesanfroilán 17<sup>a</sup> nosra artesanía



Do 5 ao 12 de outubro  
Praza Anxo Fernández Gómez

Horario:  
de 11:00 a 21:30 h.

# OUTRAS ACTIVIDADES

---

## EXPOSICIÓN MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ: EMIGRANTE GALEGO, POETA OBREIRO

A partir do **7 de outubro**

Sala multiusos do **Museo Provincial de Lugo**

### Horario:

Luns a venres: de 9:00 a 21:00 h.

Sábados: de 10:30 a 14 h. / de 16:30 a 20:30 h.

Domingos: de 11:00 a 14:00 h.

Organiza: Galicia Digital

Colaboradores: Concello de Lugo, Deputación Provincial Vicepresidencia,  
Concello de Paradela, Xunta de Galicia (Secretaría Xeral de Política Lingüística)

## EXPOCIDADES 2013

Do **3 ao 6 de outubro**

**Patio do edificio administrativo do Concello**

ExpoCidades será o gran escaparate da potencia turística das cidades do Eixo Atlántico. Un espazo de difusión, pero tamén de participación, con actividades ligadas ao turismo e a rica cultura popular e gastronómica; un punto de encontro da extensa riqueza etnogastronómica da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

### Horario:

de 12:00 a 21:00 h.

Organiza: Eixo Atlántico

## EXPOSICIÓN

### AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA O FEITIZO DE FOZ

Exposición de bonecas ataviadas coa vestimenta tradicional (gala e cotío) con motivo do seu 35 aniversario

Do **30 de setembro ata o 17 de outubro**

**Praza de abastos de Lugo**

Realizada por Pilar Arias Villajos

## EXPOSICIÓN MONOGRÁFICA

### PASTOR ALEMÁN

O **13 de outubro**

**Pazo de Feiras e Congresos de Lugo**

**Comezo de xuízos:**

Ás 9:30 h.

## ACTIVIDADES SANFROIDANCE & TENTACLE

Actividades infantís / Arte Urbán / Conferencias & Proxeccións / Exhibición de Graffiti / Exhibición de Breakdance / Basket 3x3 / Skate & Bmx / Visuais / Stands / Radio

O **11 de outubro**

**Auditorio do Colexio San Jose FEC**

Proxección da película **Héroes, no hacen falta alas para volar**, protagonizada por Pascal Kleiman e dirixida por Ángel Loza, gañadora dun premio Goya.

Acto seguido Pascal Kleiman ofrecerá unha charla conferencia sobre a súa historia de superación persoal.

**Horario:**

Ás 12:00 h.

# ÍNDICE

## CONCERTOS

### 1. CAMPO CASTELO

**May Thai & Torino  
Rockets e Colectivo  
Bomba**

luns 7 / 20:15 h.

**Murajazz Big Band**

xoves 10 / 19:00 h.

### 2. PRAZA MAIOR

**Orquestra Anaconda**

venres 4 / 23:00 h.

**Orquestras Cuarta  
Calle e Grupo Cañón**

sábado 5 / 21:30 h.

**Orquestra Acordes**

martes 8 / 17:30 h.

**Orquestra Abanico**

venres 11 / 20:00 h.

**Orquestra Costa  
Dorada**

sábado 12 / 13:15 h.

**Orquestras Costa  
Dorada e Israel**

sábado 12 / 21:00 h.

### 3. PRAZA DE AUGAS FÉRREAS

**Orquestra Olympus**

venres 11 / 23:00 h.





## 4. PRAZA DA MILAGROSA

**Orquestra Breixa Band**

mércores 9 / 20:30 h.

## 5. PRAZA HORTA DO SEMINARIO

**Les Tambours du Bronx**

venres 4 / 21:30 h.

**Os Resentidos e Festicultores**

sábado 5 / 21:00 h.

**La Pegatina**

domingo 6 / 20:15 h.

**La Pandilla Voladora**

venres 11 / 21:00 h.

**The Cornelius e Love of Lesbian**

sábado 12 / 21:00 h.

## 6. PRAZA SANTA MARÍA

**XI Festival de Cultura Tradicional**

sábado 5 / 17:30 h.

**Devandoira Banda de Gaitas & amigos**

sábado 5 / 22:00 h.

**Cantando a Galicia**

domingo 6 / 21:30 h.

**Milesios e Brath**

luns 7 / 20:30 h.

**Charo Reina**

martes 8 / 21:00 h.

**Banda da Casa das Crechas & convidados**

mércores 9 / 21:00 h.

**Xuso Jones**

xoves 10 / 20:15 h.

**The Zombie Kids**

xoves 10 / 23:00 h.

**Vrásica e Obús**

venres 11 / 23:00 h.

## 7. PRAZA DA SOIDADE

**Batital**

sábado 5 / 13:15 h.

**Kentokaki e Rachel & Blue Batons**

sábado 5 / 17:00 h.

**No Nation e Barbarian Prophecies**

domingo 6 / 19:00 h.

**Bristol e Tierra de Cinco minutos**

martes 8 / 20:30 h.

**Pastillas Mamut e Arrythmia**

mércores 9 / 20:30 h.

**West Side Bones**

sábado 12 / 13:00 h.

## 8. PRAZA DO CAMIÑO PRIMITIVO

**Orquestra Emperadores**

luns 7 / 20:30 h.

## 9. PATIO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE LUGO

**VIII Sanfroidance**

venres 11 / 16:00 h.

**III Tentacle**

sábado 12 / 16:00 h.

## 10. RÚA DA RAÍÑA

**Marcos Pin & Xacobe Martínez**

luns 7 / 13:00 h.

**Classic Lugo Ensemble**

mércores 9 / 13:00 h.

## COMISIÓN DE FESTAS

José López Orozco  
José Manuel Díaz Grandío  
Sonia Méndez García  
Paz Abraira Sobrado  
María Encarnación Amigo Díaz  
Ángel Trabada Gómez  
Carmen Basadre Vázquez



## Concello de Lugo

Concellería de Cultura, Turismo,  
Xuventude e Promoción da Lingua

+ info. [www.sanfroilan.info](http://www.sanfroilan.info)

## COLABORADORES

**Sace consultores / Joyería Refojo / Pazo das Pombas / Pensión Km. 511 / Restaurante Campos / Pizzería Bocalino / Hnos. Arias Expósito-Hotel Los Olmos / Cuatro Rúas / Mercedes Lamas Conde (Melflor) / tatata / Sanilu / Ajuar Decoración / Cafetería Ziros / Pub Particular / Alenti soluciones para eventos / Asociación Radiotaxi / Pub Medieval / Restaurante La Barra / Restaurante Verruga / Enigma Organización de Eventos / Bar A Xarra / Pirotecnia Astariz / Paula Doval Díaz**

\*Aportacións recibidas ata o día 22 de setembro.



Tfn. 982 29 73 50  
para chamadas  
desde fóra de Lugo

Este programa pode ser obxecto de modificacións. Calquera novidade será publicada diariamente nos medios de comunicación locais e na web do Concello.

\* Existe tamén un programa específico para o San Froilan Miúdo



## TELÉFONOS DE INTERESE

### OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO

Praza do Campo, 11  
27001 Lugo  
Tel. 982 251 658 / 982 297 347  
lugoturismo@concellodelugo.org  
www.lugoturismo.com

### CONCELLO DE LUGO

Praza Maior, 1  
27001 Lugo  
Centraliña: 982 297 100  
Tel. do cidadán: 010  
(982 297 350 de fóra de Lugo)  
010@concellodelugo.org  
www.lugo.es

### OFICINA MUNICIPAL DE ATENCIÓN AO CONSUMIDOR

Ronda da Muralla, 197  
27002 Lugo  
Tel. 982 297 272

### ESTACIÓN DE AUTOBUSES

Praza da Constitución, s/n  
27002 Lugo  
Tel. 982 223 985

### ESTACIÓN DE FERROCARRIL

Praza do Conde Fontao, s/n  
27003 Lugo  
Tel. 902 240 202  
www.renfe.es

### RADIO-TAXI LUGO

Tel. 982 213 377

### POLICÍA LOCAL

Rúa do Saber, 35  
27002 Lugo  
Tel. 092  
982 297 110  
\* Punto de atención ao cidadán  
na praza de Avilés

### PROTECCIÓN CIVIL

Rúa do Saber, 35  
Edificio da Policía Municipal  
27002 Lugo  
Tel. 982 297 285  
\* Punto de atención ao cidadán  
na praza de Avilés

### POLICÍA NACIONAL

Rúa Chantada, s/n  
27004 Lugo  
Tel. 091  
982 265 118

### PARQUE DE BOMBEIROS

Avda. da Coruña, 240  
Antigo Cuartel de Garabolos  
27003 Lugo  
Tel. 982 210 321

### CRUZ VERMELLA

Avenida de Madrid, s/n  
27002 Lugo  
Tel. 982 231 613

### GARDA CIVIL DE TRÁFICO: 062

### URXENCIAS MÉDICAS: 061

### EMERXENCIAS: 112

## Recomendacións para a seguridade do público nas festas de San Froilán 2013:

- Nas atraccións mecánicas, siga as instrucións dos responsables e utilice correctamente os elementos de seguridade.
- Os menores deben ir da man, para evitar extravíos e as persoas dependentes acompañadas en todo momento polos seus familiares e coidadores.
- Nos concertos hai que evitar subirse a marquesiñas, peches, estadas e mobiliario urbano co fin de evitar caídas ou lesións por cortes.
- Facer correcto uso dos servizos urinarios públicos ou privados. Teñen á súa disposición unha caseta para o cambio de cueiros dos seus bebés, na praza de Avilés.
- Nas sesións de fogos artificiais, respecte as distancias de seguridade e siga as instrucións do persoal de vixilancia (policía local, bombeiros, protección civil).



# Concello de Lugo



DEPUTACIÓN DE LUGO



FUNDACIÓN  
**TIC**  
LUGO

Patrocinadores :



Estrella Galicia



ELPROGRESO

